




Tokio

Suplemento Letras Galegas 2021 Xela Arias

Actividades na Guarda, A Cañiza,
Tui, Salvaterra, O Porriño, Covelo,
Ponteareas...

Páxinas 5 a 12



Xosé Represas deixa a alcaldía de Ponteareas por motivos de saúde

“Foi un orgullo ser alcalde de Ponteareas”

Páxina 15

Salvaterra, Arbo e Crecente
contarán cun gabinete
de atención temperá
a partir do verán

Páxina 3

O Concello de Covelo
publica o primeiro libro
da colección “Covelo,
parroquia a parroquia”

Páxina 9

O día 17 farase entrega
dos Premios “Ponteareas,
Lingua e Empresa”

Páxina 11

O Concello de
Ponteareas presentou
o proxecto
CON_CIENCIA_TEA

Páxina 13

Servizos técnicos forestais
e obra do rural



Azorin, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Bicimecánica
Toñi Porto



Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h

Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra exhibe o puzzle “Vida Salvaxe”

Os visitantes do Parque Público A Canuda poderán gozar dun dos puzzles máis grandes do mundo, con 33.600 pezas, que está exposto nas aulas do recinto e que ata o ano 2017 era o máis grande. Agora mesmo atópase entre os 5 de maior tamaño do mundo.

VIDA SALVAXE, así se chama o puzzle que estará exposto nas instalacións do Parque de A Canuda, cedido temporalmente pola nosa

veciña Mónica Cabaleiro Álvarez, natural da Parroquia de Leirado.

Mónica comezou a montalo o 6 de abril de 2020 e rematouno en marzo deste ano. Sen dúbida o confinamento supuxo unha adición enorme, xa que aproveitaba todas as horas de sol para, peza a peza, darlle forma a este xigante salvaxe. De case un ano que lle levou rematalo, Mónica fixo a metade do puzzle en dous meses, baixando a intensidade cando se



levantou o confinamento para continuar traballando pouco a pouco.

O puzzle mide 1,77m x 570cm e pesa case 20kg. É o segundo máis grande do mundo dunha soa imaxe. Esta imaxe foi dexeñada

en exclusiva por un ilustrador, feito a medida e a escala soamente para este deseño.

Xa nos adianta que se está a preparar para facer o anterior a este en tamaño, con 24.000 pezas,

para despois pasar ao máis grande do mundo que hai agora mesmo e que conta con 42.000 pezas; este último mide 8m de longo co cal proximamente ampliaremos a exposición.

Proxecto de colaboración educativa para a mellora do C.R.A. A Lagoa

Oxoves 29 de abril o C.R.A A Lagoa presentáballo á Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, un anteproxecto para a restauración e mantemento das escolas infantís.

Moitas destas escolas datan dos anos 60 polo que necesitan adaptarse ós tempos actuais.

Trátase dun proxecto, que se iniciará este curso e que con carácter gradual pretende abordar a totalidade das escolas que conforman o C.R.A A Lagoa.

Neste proxecto contarase coa colaboración e implicación non só do Concello de Salvaterra se-



nón tamén coa A.N.P.A Pequeniños e as distintas Asociacións Veciñais da zona.

A colaboración das familias,

resulta fundamental para levar a cabo este proxecto que ten como obxectivo a contribución á mellora da escola pública.

Aberto o punto limpo de residuos para autocaravanas

O Concello de Salvaterra de Miño informa que xa están rematadas as obras, e polo tanto aberto, queda aberto o Punto Limpo Básico de Tratamento Ecolóxico de Residuos para Autocarabanas.

O Concello ven de corroborar a grande incidencia e demanda que tiñan os usuarios deste tipo de vehículos na nosa zona, xa que en solo un par de días que leva habilitado e sen sequera publicidade, máis dunha decena de autocaravanas achegáronse ao novo punto, ubicado ao final do Parque Público A Canuda.

O auxe do turismo de autocara-

vana cobrou unha magnitude importante nos últimos anos e está presente ao longo de todo ano.


Para captar este tipo de turismo é importante ter unha pequena infraestrutura que permita que estes vehículos poidan vaciar os seus depósitos de augas grises e negras, para enchelos novamente.

A zona de implantación do “Punto limpo de servizos para autocaravanas” está ubicada nunha parcela de 4.750 m2 situada no extremo occidental do Parque de “A Canuda”, da que se ocupa 900m2.

Obra financiada polo Plan Concellos 2020



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra, Arbo e Crecente contarán cun gabinete de atención temperá a partir do verán

O Diario Oficial de Galicia ven de publicar a concesión da subvención aos Concellos de Salvaterra de Miño, Arbo e Crecente para a prestación de Servizos no marco da Rede Galega de atención pempérá.

A transcendencia dos cambios Sociais e a experiencia acumulada ao longo dos últimos anos que se recollen en documentos de referencia como o Libro branco de atención temperá e o informe da Axencia Europea para o desenvolvemento da Educación Especial, sinalan a conveniencia de asumir un novo concepto da citada atención baseado nos dereitos dos nenos e nenas, na igualdade de oportunidades e na participación social, centrado nas necesidades da familia e na prestación dos



servizos no seu contorno e por outra parte, implica necesariamente que a saúde, a educación e os servizos sociais se involucren e interrelacionen para ofrecerlles unha acción integral.

Nese sentido os tres concellos únense para solicitar esta subvención e así poder prestar aos seus veciños e veciñas un servizo

de proximidade e de calidade, co fin de que non se teñan que desprazar fora do seu termo municipal para poder obter unha atención eficaz e de calidade. O servizo será ofertado dous días no Concello de Salvaterra de Miño e Arbo e un no de Crecente, e así desta maneira organizada e colaborativa levar a cabo un servizo

que de outra maneira sería imposible. Desta maneira os concellos buscan unha acción integral destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos e das súas familias, así como a súa prevención, e deste modo tamén, dar resposta á necesidade de regular os servizos de atención temperá como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal, rexida polos principios de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do e da menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, cercanía, inerdisciplinabilidade e alta calificación profesional, diálogo e participación familiar e calidade.

O Concello aportará 38.000,00€ ao 2º plan de rescate da Xunta de Galicia

O Concello de Salvaterra de Miño ven de asinar o convenio coa Xunta de Galicia para participar, cunha aportación municipal de 38.000,00€, no 2º Plan de rescate a hostaleiros, co fin de poder axudar dunha forma áxil, eficaz e eficiente a este sector.

Salvaterra continúa co seu plan de composteiros

O Concello de Salvaterra de Miño lembra aos seus veciños e veciñas que se seguen a repartir composteiros domésticos para vivendas unifamiliares en colaboración coa empresa SOGAMA.

Deste xeito, O Concello manterá a súa extensión das prácticas de autocompostaxe á novas vivendas unifamiliares para propiciar a reciclaxe da materia orgánica en orixe, un proceso con importantes beneficios ambientais e sociais.

Dado que os residuos orgánicos representan aproximadamente o 42% da composición media dunha bolsa tipo, se estos se reciclan en orixe e se evitan o seu depósito en contenedores verdes convencionais, o Concello entregará menos toneladas de lixo a SOGAMA, reducindo deste xeito os custos.

@s Veciñ@s que se incorporen a esta nova fase, recibirán igualmente manuais didácticos nos que se explica de maneira detallada a técnica a seguir para obter un compost de boa calidade

Rematadas as obras de mellora de camiños en Corzáns e Pesqueiras

As obras incluídas neste proxecto consistiron na mellora da pavimentación de dous camiños municipais: o primeiro atopase na Parroquia de Corzáns, concretamente entre os barrios de A Feira e A Torre; O segundo está situado na Parroquia de Pesqueiras e conecta os barrios de Gandarela e o Castelo.

Con esta nova pavimentación preténdese mellorar o servizo que prestan estas dúas infraestruturas aos seus usuarios, pois teñen unha relativamente elevada densidade de tráfico en relación as súas características. Nesta obra de 45.790,03€, dos que o Concello asume 7.946,03€ está incluída no Plan Camiños 2020-2021, financiada mediante a subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Iluminación exterior sostible no centro urbano de Salvaterra

Veñen de comezar as obras de cambio a led no centro urbano de Salvaterra de Miño contemplados nos proxectos "Iluminación sostible nos BIC'S" e Iluminación exterior sostible I" que se enmarcan dentro do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salvaterra de Miño, que conta co financiamento do 80% do FEDER a través da Convocatoria de Axudas a Entidades Locais para proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía Baixa en carbono do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.

As obras contemplan a substitución das lámpadas actuais por outras con tecnoloxía LED, substitución de luminarias por outras con maior rendemento e lámpadas de menor potencia de tecnoloxía LED, substitución de balastos electromagnéticos por electrónicos, instalación de reloxos astronómicos e instalación de sistemas de regulación de fluxo luminoso mediante pre-programación da luminaria.

Esta actuación conta cun investimento cofinanciado por fondos FEDER de 106.057,6€, unha achega da Deputación Provincial de 12.393,20€ e unha achega municipal de 14.121,20€



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

EDITORIAL

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

A política en tempos de Ayuso

A reelección de Isabel Díaz Ayuso na Comunidade de Madrid abre varios escenarios políticos a curto prazo. Con todo, unha chave importante destes tempos que corren vivíuse na campaña electoral mais crispada que se ten xerado nos derradeiros anos.

A manipulación frecuente nos discursos e medios de comunicación de conceptos como "fascismo", "comunismo", "liberdade" e "democracia", por mencionar os máis usados, deixa un pouco entrever cal é a dinámica que se albisca politicamente en España para os próximos tempos.

Díaz Ayuso baseou a súa campaña nunha confrontación maniquea entre "liberdade e comunismo". Incluso, a "venezolanización" da campaña electoral madrileña foi un feito visible na

estratexia de Ayuso que, vendo os resultados electorais, demostraron a súa eficacia. Uns 50.000 venezolanos residentes en Madrid estaban facultados para votar, toda vez á capital española xa a cualifican como a "pequena Caracas".

Pola súa banda, Pablo Iglesias e Mas Madrid contraatacaron na campaña coa utilización de epítetos como "fascistas", "dereita trumpiana" e "ultradereita", obviamente enfocados en Ayuso e VOX. Non obstante, e comparando cos resultados electorais de Ayuso, a excepción dos alcanzados por Mas Madrid, esta estratexia non foi tan efectiva en termos de ganancias nas urnas.

Alén do anuncio de Iglesias de retirarse da política, do ascenso de Mas Madrid, que pode constituírse agora no faro refe-

rente das esquerdas a nivel estatal, e do imparable declive de Ciudadáns, o feito é que as eleccións madrileñas entronizaron a Ayuso de facto como probablemente a principal líder de oposición. Así mesmo, estes comicios

teñen un compoñente de "americanización" que está permeando a política española nos últimos tempos. E aquí, o estilo "trumpiano" tantas veces atribuído a Ayuso si que está máis presente e pode agora compatibilizarse como unha estratexia política e electoral para un Partido Popular "ayusiano", pero tamén para VOX.

Este estilo "ayusiano-trumpiano" engade un ingrediente máis: unha especie de "madrileñismo", sorte de nacionalismo madrileño enfocado en mimetizarse nas estruturas do PP, territorializando a política española aos designios da capitalidade. Un aviso para navegantes claramente dirixido aos nacionalismos periféricos, con Cataluña en mente, pero tamén para aqueles líderes rexionais do PP, como Feijóo, que nalgún

momento albergaron a posibilidade de liderar o PP español e a quen a propia Ayuso chegou incluso a cualificar como "nacionalista galego".

Fiel ao seu estilo desafiante, Ayuso xa augura que Pedro Sánchez "ten os días contados na Moncloa". O leitmotiv do PP, co apoio tácito de VOX, é claro: o obxectivo é un novo goberno a través dunha presión política incesante que defina un adiamento de eleccións xerais.

As eleccións madrileñas anunciaron así o berce do PP "ayusiano-trumpiano", con VOX como compañeiro de viaxe. Deste xeito, é evidente que Ayuso si que asestou un terremoto político pero con escenarios tan abertos que as consecuencias albíscanse impredecibles.








LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

Suplemento

Letras Galegas

2021 dedicado a

Xela Arias

Xela Arias, un achegamento

O 17 de maio deste ano o Día das Letras Galegas sumará a quinta muller homenaxeada, Xela Arias, nun terreo onde a presenza masculina foi practicamente un continuo. Á parte disto, a autora aporta unha das visións máis contemporáneas da literatura galega, sendo parte da xeración de poetas e escritores que lle deron pulo ao galego literario a partir dos anos 80.

O nacemento de Xela Arias foi rexistrado en Sarria (Lugo) de onde eran as familias paterna e materna. Dalgunha maneira debeu sentir a chamada das letras e da creación desde moi pequena, quizais debido á profesión do seu pai como mestre e tamén á súa actividade como tradutor e ensaísta. Isto e a amizade que unía á súa familia con outros autores contemporáneos como Manuel María e outros, foron creando un pouso de inquietude que a empurrou a crear os seus primeiros contos e relatos con once anos.

Os compromisos profesionais do pai fixeron que a familia fose vivir a Vigo onde

Xela desenvolveu boa parte da súa vida persoal, creativa e profesional. Foi na cidade olívica onde deixou de seguir o camiño que se esperaba dunha adolescente que acabara o bacharelato, pois abandonou os estudos de secundaria no COU, o curso preparatorio para os exames de selectividade e a entrada na universidade.

Comezou así un periplo profesional ligado a Edicións Xerais onde traballou en varias seccións, comezando en administración e acabando como tradutora e correctora de estilo. O contacto con autores e autoras doutras linguas, ademais do galego, fixo que a súa obra recollese influencias de diversas fontes.

Xela Arias tivo un posicionamento contrario ante a figura da muller dentro da literatura, mesmo na máis contemporánea. Nun momento en que as ideas sobre o papel da muller na sociedade a ligaban ao traballo doméstico e á crianza dos fillos, Arias quixo romper con esas preconcepcións e que se consideraban “naturais” por parte dunha sociedade patriarcal.

Por Moncho Mariño

A obra de Arias foi unha mostra de como se pode escoller un camiño diferente ao previsto-establecido. Así, consideraba que o papel feminino da muller continuaba pechado en clichés a finais do século XX e tamén comezos do XXI. Romper con eses “patróns” prefixados foi unha das constantes que moveron a Arias de cara á creación que buscaba demostrar a posibilidade dunha outra maneira de poder “ser” sen pasar polo filtro das preconcepcións.

Arias participou en diversos movementos sociais como os contrarios á entrada de España na OTAN no 1982 e a súa presenza na organización de eventos a favor dos afectados polo afundimento do “Prestige” en 2002 e no Contra a Burla Negra xunto a Pepe Álvarez Cáccamo en 2003.

Con anterioridade comezara estudos de filoloxía hispánica na Universidade de Vigo

Xaquín Marín

e acabou licenciándose na Universidade de Santiago de Compostela onde iniciou a especialidade en galego-portugués. Despois disto, realizou labores docentes en varios centros de ensino secundario como profesora substituta.

A súa produción foi intensa publicando en diversos medios tanto en diarios como en revistas ademais de escribir letras de cancións para algúns grupos. Non obstante, a súa produción en canto libros baixo o seu nome foron catro Denuncia do Equilibrio, Tigres coma Cabalos, Darío a Diario e Intempériome. Isto en canto poesía, en narrativa ten Non te amola! Que foi publicado en 2021. Xunto a estes traballos propios traduciu diversos autores que ían de Bram Stocker a James Joyce, pasando por escritores en portugués e italiano. Xela Arias faleceu en 2003 dun ataque ao corazón, con só corenta e un anos.



LETRAS GALEGAS

A Guarda oferta en maio unha programación centrada nas Letras Galegas e no medio ambiente

O Concello da Guarda, a través das concellerías de Cultura e Medio Ambiente, veñen de programar diversas actividades para este mes de Maio, unha programación centrada nas Letras Galegas e no medio ambiente que traerán á Guarda proxeccións, teatro, charlas, recitais e moito máis.

A programación arrancou o sábado día 8 de maio coa proxección do filme “O que Arde” ás 19:30h no Centro Cultural da Guarda.

O sábado 15 de maio continúa a programación de maio ás 20:00h no Centro Cultural coa representación teatral de “32M2 – Unha xira confinada”. Esta obra de teatro, creada pola plataforma ButacaZero, trata sobre o absurdo do confinamento. O prazo para a

reserva de entradas abrírase o venres 7 de maio a través do mail centrocultural@aguarda.es.

A Charla-debate sobre a ALARGASCENCIA para o venres 21, dentro do ciclo “Sostendo o Futuro”, busca a reflexión sobre os nosos hábitos de consumo efímeros.

O Conto dos Ratos de Lonxetodo dirixido aos máis pequenos da casa dentro das actividades da Biblioteca Municipal para a mañá do 22 de maio no Salón de Actos do Centro Cultural. O mesmo día 22 a tarde chegará o homenaxe a Xela Arias cunha lectura de poemas pública na Praza do Reló ás 19:00h. que contará coa participación do IES A Sangriña e a colaboración da Agrupación Cultural Guardesa. Esta lectura de poemas non será o único evento adicado a Xela

Arias - poeta homenaxeada neste 2021 e que foi mestra no noso instituto- xa que para a última fin de semana do mes, terá lugar no Centro Cultural un singular espectáculo creado para este ano por Fernando Abreu baixo o nome “Vencerse é cousa de se tratar” e que ten a súa orixe nun recital que o propio Abreu e Xela estaban a preparar no momento do seu pasamento. O espectáculo recupera as voces da poeta que quedaron rexistradas dentro dos traballos de preparación daquela e agora toman forma ao tempo que fotografías e versos da súa obra son proxectados na pantalla, acompañados instrumentalmente por Fernando Abreu e Pablo Carrera, así como Mónica de Nut lendo os poemas de Intempérie.

A exposición de poemas en variados formatos completan esta programación tendo dunha banda a exposición de poemas de Xela nos comercios “Tódalas poetas son tu e ningunha coma ti” e a segunda edición do Tendal de Poemas, que este ano colonizará os lavadoiros da localidade da man dos centros educativos da vila.

Paralelamente a todas estas actividades, mantense ata o 22 de maio a Ruta do Libro, que obsequia a todos aqueles que consuman libros na nosa localidade cunha bonita bolsiña de tela para poder transportalos.

Tódalas actividades requiren de inscrición previa no mail centrocultural@aguarda.es, abríndose o prazo de inscrición unha semana previa ao evento en si.

Representación teatral da obra “Clausura do amor” na Cañiza

O Concello de A Cañiza celebra as Letras Galegas coa obra de teatro “Clausura do amor” da compañía Cámara Negra Teatro. Será o domingo 16 ás 17:30 h no Auditorio da Casa da Cultura de A Cañiza.

“Clausura do amor” é unha coprodución de Cámara Negra Teatro co Centro Dramático Galego que acadou o Premio ao Mellor Espectáculo e á Mellor Actriz (Teté García) na XXXI Edición do Festival de Teatro Galego Celso Parada de O Carballiño (FETEGA), ademais de ser seleccionada para o Festival ESSENCIA 2021 da Sala Cuarta Pared de Madrid (recente Premio Nacional de Teatro). Non está recomendada para menores de 15 anos

O Concello de Tui celebrará o Día das Letras Galegas cunha nova edición de Tui Le e da Feira do Libro Galego, adaptadas as actuais circunstancias. A autora homenaxeada este 2021, Xela Arias, será a protagonista do programa cunha conferencia de Marga do Val, e coa lectura dos seus poemas. Tamén haberá espectáculos infantís con Pablo Sánchez e Paporrubio e un concerto de MJ Pérez.

A programación comeza cunha edición en liña de “Tui Le” na que colaboran as bibliotecas escolares tudenses e as Bibliotecas

Tui celebra as Letras Galegas co “Tui Le” e coa XXII Feira do Libro Galego nas propias librarías

Municipais de Tui e de Valença. Este ano o programa que se poderá seguir a través de tui.gal e das redes sociais municipais recolle a lectura dos poemas do libro de “Vento, ventío, venteiro” de Antonio García Teijeiro polo alumnado de Infantil e Primaria dos centros de Tui, coa presenza do propio escritor, e o alumnado do Seminario Menor San Paio e do IES San Paio. Recitan poemas de

“Darío a diario” de Xela Arias.

O sábado, 15 de maio, ás 12.30 h na Biblioteca Municipal terá lugar a conferencia “Xela Arias no século XXI” a cargo da escritora Marga do Val, que foi compañeira de xeración e amiga de Xela Arias.

O luns, 17 de maio, Día das Letras Galegas, terá lugar a XXII Feira do Libro Galego que este ano debido á pandemia cambiará o seu formato habitual na rúa

para realizarse nas propias librarías participantes “Espazo Lector Nobel” e Iris” que abrirán en horario e de mañá e tarde ofrecendo un 10% de descontos nos libros en galego.

Ao longo da xornada o Paseo da Corredoira, nun espazo habilitado con todas as medidas de seguridade anticovid, acollerá distintos espectáculos cun aforo limitado a 80 persoas e para os que será preciso inscrición no lugar

antes do comezo do espectáculo.

Ás 12.30 h o narrador Pablo Sánchez presentará “Os contos de Pablísimo” para público familiar. Ás 18.30 h Paporrubio presenta “Variatés do Animalario” un espectáculo de monicreques con música en directo. Por último ás 20.45 h a cantautora galega MJ Pérez, ofrecerá un concerto con pezas do seu repertorio no que se inclúen adaptacións de obras poéticas en galego.

Amais coma cada ano a Radio Municipal de Tui realizará un programa especial con motivo do Día das Letras Galegas.



A Cañiza coa lingua





EDITORA
TRADUTORA
POETA

*"Nós decidimos que facemos coas
nosas vidas, aínda que moitas veces
pensemos que non."*

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DEDICADO A XELA ARIAS

Muller polifacética das nosas letras, mestra
de poesía e de vida dun pasado moi presente.

 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22  galiciacalidade

LETRAS GALEGAS

O Porriño promove diversos actos coa ocasión do Día das Letras Galegas

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) xunto coa Concellería de Normalización Lingüística comezou con “A mocidade coas Letras Galegas 2021”. Despois do acto de 4 horas de duración colocáronse pancartas conmemorativas polo Día das Letras Galegas nas fachadas dos edificios do Centro Cultural Municipal e do Concello do Porriño, onde permanecerán expostas durante todo o mes.

Con esta iniciativa, promóvese o uso da lingua galega entre a mocidade a través dun achegamento máis atractivo e usando os seus códigos nas actividades alternativas baseadas na cultura urbana, concretamente no “rap”. Con “A mocidade coas Letras Galegas 2021”, no Porriño, tamén contribuímos a promover e dar visibilidade as actividades de carácter artístico e o uso da lingua galega a través deste programa mediante



a súa publicación nas redes sociais, páxinas web e noutros medios de comunicación e difusión.

Exposición sobre Xela Arias

Eva García de la Torre, alcaldesa do Porriño, en compañía de Cami Moreira, concelleira de Cultura e Normalización Lingüística inauguraron no vestíbulo do Centro Cultural Municipal a exposición “A poesía do retrato”. É unha mostra baseada nunha reunión

de retratos realizados por Xulio Gil en diferentes épocas de Xela Arias, emparellados con fragmentos da poesía dispersa da autora que se lembra este ano coa ocasión do Día das Letras Galegas.

Iniciouse coa actuación da pianista Brais González Pérez. Na presentación participaron o fotógrafo Xulio Gil; a escritora, Marga do Val e Pepe Puga, representante da editorial “Engaiolarte”.

Salvaterra conmemora o Día das Letras Galegas

Con motivo do Día das Letras Galegas, que este ano está dedicado á creadora, editora, tradutora e mestra Xela Arias, o Concello de Salvaterra de Miño

conta con dúas actividades, unha presencial e outra en liña, dirixidas aos nenos e nenas do noso Concello.

A primeira “unha tarde con Xela” será o día 13 de maio no parque “A Canuda”, en horario de 18:00- 19:00 h. A actividade consiste nunha xincana onde en pequenos grupos os nenos e nenas farán un pequeno percorrido con diferentes postos onde estarán @s animador@s. Algúns deles estarán caracterizados de escritores ou escritoras, as que tamén se lles adicou o día das letras galegas. En cada posto terán que superar unha proba diferente de destreza, habilidade, enxeño... si superan a proba, se lles entrega un

anaco dun poema de Xela Arias. Cando teñan todos os anacos, terán que lograr reconstruír o poema de Xela Arias. Tod@s @s participantes recibirán un agasallo dun conto ilustrado en galego.

A segunda “caderno de Xela Arias para facer o meu conto” será o 14 de maio ás 17:30h.

Para visualizalo se colocará un enlace, na páxina web, e no Facebook do Concello, para que @s cativ@s e as familias, inclusive as escolas poidan, visualizalo no horario que lles vaia ben. Estará dispoñible un mes.

O Obradoiro será elaborar un caderno con elementos cotiás e material de refugallo, para desenvolver online cada cativ@dende a súa casa. Poderán facer esta manualidade relacionada coas letras galegas e en concreto coa homenaxeada este ano Xela Arias.

www.ecocelta.com



ecocelta®

Abonos y Sustratos Ecológicos

Los mejores abonos y sustratos para tu huerta,
elaborados con materias primas orgánicas de Galicia

HUMUS DE LOMBRIZ



COMPOST ECOLÓGICO



SUSTRATO UNIVERSAL



ABONO PELETIZADO



RECEBO PARA CÉSPED



HUMUS LÍQUIDO







Eu Diz, poeta e pintor

Manuel Estévez

Debuxante na escola, namentres os outros xogaban. Igoalmente imitaba o son das campás, nas cacerolas da cociña da súa nai e logo mais tarde os veciños de Santiago de Bembrive, convidábano a que fose él o dono do campanario. De mozo tivo oficios de luthiers, construindo instrumentos, ata converterse nun andariego polos camiños que chegan a Santiago e nun autentico dandy, sen deixar de pintar.

Cando era novo traballou en Faro de Vigo, na época que dirixía o rotativo, o ourensán de Vilar de Cervos, nas terras de Vilardevós, Manuel González Cerezales e

despois con don Álvaro de Mondoñedo o mesmo que sae a luz estos días en -Ediciones del Viento" cunha nova aportación baixo o título "Un home que se parecía a Cunqueiro".

Segundo acredita o artista deixou pagada a esquela naquela altura coa condición de ser impresa en cor vermella e todoos asistentes convidados na Rioxana, Elixio, entre outras tascas bohemias. Cruzábase nas céntricas rúas da cidade do olivo moitas veces con Carlos Oroza, tal vez íría pensando en Évame Malú ou naquel mar máis alto co ceo.

Un dos últimos cadros que lle ollei saídos do seu estudio, situado nun ático na Rua Arenal foi "O espello de Venus"



unha versión da obra de Diego de Velázquez, -La Venus del espejo- un dos dos mais belos da historia da pintura, na National Gallery de Londres, en cuio espello se retrata o polifacético vigués.

O de Diz, pendurado o carón doutros

asinados por él, na céntrica Cafetería O Novo Derby, rexentada polo chantadino de Mariz, Eusebio Prado, pinturas que espertaron en él o interese pola plástica e fundamentalmente obras firmadas polo nonaxenario creador, como o de Rosalía de Castro.

Diz, durante o confinamento escribiu máis que pintou, ese outro don poético

O son do rum-rum/
do Muiño vello/
danza na moa o pau tarabelo
O son do rum-rum/
do Muiño vello/
danza na moa o pau tarabelo/
Xira sen canso/
a roda da pedra/
non cesa o baile/
o pau carallán/
o ritmo do muiño/
co tran-calantran

O Concello de Covelo publica o primeiro libro da colección "Covelo, parroquia a parroquia"

Os textos e as fotografías son do historiador e arqueólogo de Mondariz Alberte Reboreda coa coordinación do xornalista Suso Iglesias, natural de Barcia de Mera. O deseño gráfico e as ilustracións do primeiro libro da serie está asinado polo prestixioso e polifacético Víctor Coyote. O proxecto está participado pola Deputación de Pontevedra e será presentado oficialmente na semana das Letras Galegas, o domingo, 16 de Maio, ás 16, 30 h, na "Casa do Pobo" de Barcia de Mera.

O libro quere ser unha pequena historia do noso pobo a través

da recompilación e o estudo etimolóxico dos nomes dos lugares que habitamos. O libro é un paseo polo tempo e os nomes dos sitios de Barcia de Mera, un libro de datos contrastados do que pasou neste lugar ata hoxe.

O historiador Reboreda preséntanos os datos históricos da parroquia en base a horas de consulta de arquivos e bibliografía sobre o lugar e a súa historia. Tamén en base á documentación que lle achegou a Comunidade de Montes en Man común de Barcia de Mera. Reboreda preséntanos tamén novos achádegos tras xornadas completas de en-

trevistas a xente da parroquia.

A Asociación Cultural "Terra por terra Barciademera" e o Concello de Covelo compartiron desde o principio do proxecto colaborativo o querer protexer o coñecemento, a historia e as etimoloxías pequenas das parroquias, os nomes que non adoitan aparecer por escrito. O propio alcalde, Juan Pablo Castillo Amigo, conecta coa esencia da publicación cando na introducción do libro di que él tivo a sorte de ser un neno e un adolescente nunha aldea que aínda traballaba as leiras e onde tamén lembraban o nome de cada veiga.

Presentación dos libros Bambán de vento e Contos desde o Muiño da Feixa

Oluns 17 ás 5 da tarde terá lugar a presentación dos libros "Bambán de vento" e "Contos desde o Muiño da Feixa". Será no Auditorio Municipal do concello de Covelo.

Tamén haberá unha homenaxe a Xela Arias (Letras Galegas 2021) con exposición de retratos seus fotografados por Xulio Gil.

Bambán de vento

Bambán de vento é unha aposta editorial de Eomaia, co obxectivo de achegármolos ao entorno do Val do Tea, a súa paisaxe, costumes, lendas... desde a visión

dunha nena que viaxa na nube do tempo. Unha marabillosa obra escrita por Hortensia Bautista e ilustrada por Aurora Quinteiro.

Contos desde o Muiño da Feixa

Escrito por Xosé Santiago Paramos Costa e coa colaboración do Concello de Covelo e a Comunidade de Montes de Paraños, aposta de Barafunda Editorial, con diferentes relatos cortos e ilustracións propias describe unha época de miseria na aldea pero conto todo iso, a vida era a vida da súa aldea.



LETRAS GALEGAS

A RAG celebrará en Vigo o pleno das Letras Galegas de Xela Arias

O acto central do Día das Letras Galegas celebrará a figura e a obra de Xela Arias dende Vigo, escenario fundamental da vida da poeta, editora e tradutora. O pleno extraordinario da institución contará coas voces de Ana Román, Marilar Aleixandre e Manuel Rivas, que achegarán distintas olladas á autora, voz singular dunha xeración que trouxo a modernidade á cultura galega. A palabra de Xela Arias estará tamén presente na música de Mónica de Nut, Pablo Carrera e Fernando Abreu. Será no Auditorio Mar de Vigo a partir das 13:00. e poderá seguirse en directo dende academia.gal.



Xela Arias creou unha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida e quíxoa facer diálogo con outras artes. Dende a ilustración, presente no seu primeiro poemario, Denuncia do equilibrio (1986), e a fotografía –coa

que comparte protagonismo en Tigres coma cabalos (1990) e na portada de Darío a diario (1996), ata a música, á que se achegou especialmente na última etapa da súa vida tras a publicación de Intempérome (2003).

A RAG produciu Xela Arias. A palabra esgazada, a primeira serie documental sobre a personalidade á que homenaxea. A proposta, realizada pola produtora Miramemira, pode verse en academia.gal e na canle de Youtube da RAG, onde tamén está dispoñible Xela Arias. Onde canta a poeta, trinta olladas á vida e á obra da autora en forma de micropezas.

Labregas en mar

Xela Arias

Mamá ¿queres? Atame os zapatos
Cheirame o mar a terra
De mans en mans e corpos debruzados.
Din que na suor te-la risa máis grande.
Xa.
Que vas en paseo pola calma apretada de
Traballo.
Non léva-las uñas pintadas
E bailan para ti berberechos e ferraña.
Dilles a ver te conviden a deixar algunha
Das sete danzas

Publicado en "A PENEIRA a hoxe"
Ano 1992. Edicións A Peneira



INTEMPESTIVA, XELA



www.editorialgalaxia.gal

Ponteareas desconfina, de vez, as Letras para homenaxear a Xela Arias e o galego por todo o alto

L ogo de acoller dúas xornadas das Convergências Portugal-Galiza para homenaxear á propia Rosalía de Castro e ao Zeca Afonso os pasados días 7 e 8, de dispoñer dun expositor na biblioteca municipal con boa parte da obra de Xela Arias e de lanzar a iniciativa “Xela na túa voz” (na que convida a calquera persoa a gravarse recitando ou lendo algún texto de escritora de Sarria e lle envían os vídeos para divulgar nas súas redes sociais), o Concello de Ponteareas celebrará o Día das Letras Galegas con diversas actividades durante o resto mes de maio para seguir divulgando a figura e obra de Xela Arias e homenaxear a lingua galega.

Durante a fin de semana das Letras, o Concello repartirá entre as panadarías de Ponteareas bolsas para pan difusoras da figura de Xela Arias, cunha breve reseña e uns poemas da homenaxeada, así como se difunde a poetisa ponteareá Emilia Estévez Villaverde co obxectivo de pór en valor figuras das letras ponteareás. O concelleiro de Lingua, o nacionalista Fernando Groba, salienta e agradece a colaboración das panadarías de Ponteareas que, dende hai uns anos, reparten estas bolsas conmemorativas entre a súa clientela, axudando así a divulgar figuras tan importantes para a nosa lingua e cultura.

Por outra banda, o día 15 de maio, Ponteareas acollerá a obra de teatro Clausura de amor, a

cargo do grupo Cámara Negra Teatro. Trátase do texto máis representado do francés Pascal Rambert e chega a Ponteareas na súa versión en galego, interpretada pola actriz Teté García e por Xosé M. Esperante baixo a dirección de Carlos Álvarez-Ossorio. O día seguinte, o 16, organiza, xunto coa Asociación de Maiores de Ponteareas, a presentación do libro Poemas de outono, un volume que xurdiu froito da creación de persoas desta asociación. O evento consistirá nun recital das propias autoras e autores e estará acompañado da actuación das pandeireteiras “Mestura”.

E xa no día central, o día 17, o consistorio levará adiante a “Gala da Lingua”. Neste acto, que terá como protagonista un recital musicado centrado na propia Xela e que correrá por conta de Samuel Merino e Fernán Permuy, que será presentado pola escritora e investigadora Anabel Antela e que contará con intérprete en lingua de signos, o Concello de Ponteareas entregará os Premios “Ponteareas, Lingua e Empresa” 2020, a través dos cales recoñece as persoas ou empresas que, día a día, achegan a lingua, dun xeito normal, aos consumidores e consumidoras e contribúen, deste xeito, ao aumento e mellora do uso social do galego no sector empresarial. Así como tamén dará os Premios dos VI Xogos Florais -certame de poesía que posúe dúas categorías (xuvenil e de adultos)- que agracian a creación en lingua galega.

Entrega dos Premios “Ponteareas, Lingua e Empresa”

O Día das Letras Galegas, o Concello de Ponteareas entregará os Premios “Ponteareas, Lingua e Empresa”, relativos ao 2020, a través dos cales se recoñece as persoas ou empresas que, día a día, achegan a lingua, dun xeito normal, aos consumidores e consumidoras e contribúen, deste xeito, ao aumento e mellora do uso social do galego no sector empresarial. Os premios do ano 2020 recaeron en **Guillermo Rodríguez Fernández**, na categoría de “Traxectoria do uso da lingua ao longo de décadas”, empresario e xornalista que foi quen, desde 1984 ata hoxe, de fundar e dirixir empresas editoriais radicadas en Ponteareas que publicaron libros de diferentes autores en galego, sacando á rúa o xornal A Peneira, un dos poucos xornais en papel escrito integramente en galego que se mantivo en circulación durante varias décadas; **Foncalgás Xinzo SL**, empresa de fontanaría e enerxías renovábeis, na categoría de “Uso continuado da lingua galega”, polo uso do galego como lingua de comunicación e publicidade da empresa, achegándose conscientemente á clientela en galego, tanto a través da súa páxina web como das redes sociais, ou campañas publicitarias en calquera soporte.; e **Galician Brew SL**, empresa produtora e

comercializadora de cervexas, na categoría de “Incorporación recente ao uso da lingua galega” pola súa contribución á visibilización da lingua galega na publicidade e etiquetaxe das súas marcas comerciais utilizando nomes como Curuxa, Sabela ou Miña Terra Galega, chegando aos consumidores e consumidoras en

galego como sinal de identidade e garantía de orixe.

O premio consistirá nunha escultura do escultor ponteareán Silverio Rivas creada para este premio.

O acto de entrega terá lugar no Auditorio municipal ás 19 horas, dentro da Gala da Lingua, o día 17 de maio.

DÍA DAS LETRAS
GALEGAS 2021
XELA ARIAS

GALA DA
LINGUA

LUNS 17 MAIO

- Entrega dos premios Ponteareas, Lingua e Empresa 2020
- Entrega dos premios dos VI Xogos Florais
- Recital de poesía e música a cargo de Samuel Merino e Fernán Permuy. Interpretación do acto en lingua de signos.

19:00 HORAS

SALA MULTIÚSOS - AUDITORIO MUNICIPAL*

Reserva de entradas:

auditoriomunicipal@ponteareas.gal

*Capacidade condicionada ás medidas sanitarias vixentes.



FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

Causan novos danos nas obras de humanización do Complexo Deportivo Álvaro Pino e Centro de Saúde

O Concello de Ponteareas lamentou e condenou os danos provocados por descoñecidos nas últimas semanas nas obras de humanización do Complexo Deportivo Álvaro Pino e entorno do Centro de Saúde.

Nos últimos días, persoas descoñecidas danaron e queimaron un número considerábel de plantas rociándoas con produtos abrasivos e pintaron de negro un sinal de circulación prohibida na zona situada a carón das pistas de pádel. Na subida ao Centro de Saúde produciuse o roubo dun número considerábel de plantas acabadas



de colocar en zonas axardinadas e pintaron outro sinal de circulación prohibida.

O goberno municipal explica que “é evidente que non se trata de actos de vandalismo gratuito, senón que teñen unha intención

nalidade política”. O executivo local atribúe os danos “á actuación de persoas illadas que son contrarias ás medidas de regulación do tráfico implementadas nesta zona por afectar aos seus intereses particulares.

O goberno rexeita estas “condutas delitivas” e advirte que “non consentiremos que persoas illadas non respecten as decisións dun goberno democrático e pretendan impoñer pola forza a súa vontade. A Policía Local reforzou a vixilancia na zona e o goberno municipal pide a colaboración cidadá para identificar aos responsábeis da comisión destes delitos.

O bipartito rexeita facer obras na escola infantil e abócaa ó peche de dúas aulas

O Grupo Municipal do PP lamenta a instrumentalización política que está a facer o bipartito da adecuación á normativa da escola infantil.

Segundo explican, no seu día este edificio construído hai máis de vinte anos, tivo unhas obras de mellora e ampliación, executadas con todos os informes favorables e supervisadas polos técnicos municipais, que agora coa nova normativa non cumpren. O mesmo ocorre con gran parte do edificio orixinal, polo que, desde hai anos a consellería de Política Social requiriu ao Concello de Ponteareas unha adecuación á normativa. Baixo o mandato de Salvador González Solla xa se traballou nun proxecto de adaptación

que logrou o visto e prace por parte da consellería en xaneiro de 2019. Desde entón, hai dous anos, a obra continúa sen iniciarse.

Os populares, que se mostran responsables coas familias que fan uso deste servizo, presentaron unha moción ao pleno para que o Concello de Ponteareas solucione de forma urxente o problema e acometa a reforma necesaria que faría que a Xunta paralice o expediente de peche destas aulas. “A nosa sorpresa foi que BNG e PSOE votaron en contra. Tras esta negativa, terán que explicarlles ás familias deste nenos porqué non poderán facer uso destas aulas. O próximo curso só haberá 6 aulas fronte as 8 actuais, o que agrava a lista de espera existente.

O PP acusa ao Goberno local de incumplimento dun acordo plenario sobre municipalización do servizo de auga

O Grupo Municipal do PP denuncia que se vai cumprir un ano desde que caducou o contrato de prestación de servizo da auga no Concello de Ponteareas e que o bipartito segue de brazos cruzados sen liquidar a problemática.

“Nin novo contrato, nin melloras que permitan reducir o recibo aos veciños e cobrar polo

consumo real. Despois de case un ano seguimos igual pese a aprobarse unha moción en pleno na que o propio Goberno local acordou municipalizar o servizo e crear unha comisión de seguimento na que estivesen todos os grupos políticos con representación, aos que levan seis anos negándolles información neste sentido” lembran os po-

pulares.

Villar considera que o bipartito non ten intención de cambiar o formato de prestación de servizo da auga. “Imos levar esta cuestión de novo ao pleno, para que se municipalice o servizo e para que se rebaixe o recibo que pagan actualmente veciños, comerciantes, hostaleiros, etc”.

Villar reúnese co responsable territorial de educación

O Grupo Municipal do PP reuniuse co responsable territorial de Educación da Xunta de Galicia en Pontevedra, César A. Pérez Ares, para trasladarlle as reivindicacións de pais e centros no que se refire a necesidades educativas no municipio de

Ponteareas.

“Queremos agradecer ao secretario a súa escoita activa. Moi consciente das necesidades, as cales moitas nos dixo xa foron tidas en conta e outras se atopan en avaliación”. Os edís populares, Belén Villar e Andrés Sampedro, consideran moi po-

sitivo o encontro por tratarse de actuacións que deben solucionarse de fronte ao futuro curso. “Trasládamoslle varias peticións que hai realizadas polo profesorado e as ANPAS dos centros e que confiemos poidan liquidar de fronte ao curso que vén”, explican.

ACiP pide o pago urxente das axudas do ano 2020 aos negocios afectados polo COVID

Unhas axudas directas que tiñan que estar pagas en decembro de 2020 seguen sen ser pagadas a día de hoxe, cinco meses máis tarde.

O pasado 6 de maio dende o grupo municipal ACiP volvemos presentar a terceira reclamación no concello por este retraso. A demora no pago provoca situacións de falta de liquidez de pequenos negocios no noso Concello.

A situación é tan caótica, que se presentaron 141 solicitudes para os 230.974 euros que corresponden a esta convocatoria. Para o Portavoz de ACiP, con isto a xestión municipal queda en dúbida, xa que a propia situación económica está baseada no endebedamento, do que sumamos case 5 millóns de euros este ano.

Mentras, o goberno local segue malgastando miles de euros en obras, que en moitos casos se poden pospoñer. Debe dársele prioridade ao pago destas axudas cando estamos a pasar unha crise económica, sanitaria e principal-



mente social.

Desde ACiP seguiremos presentando novas propostas e que se cumpran os acordos plenarios do ano 2020, onde se aprobou a condonación dos impostos municipais, como a auga, saneamento, lixo e contribución aos negocios que se viron obrigados a pechar polo estado de alarma.

Lamentamos a actitude e deixamento do goberno local, que non ten como prioridade axudar ao seu tecido industrial.

Ponteareas presentou o proxecto CON_CIENCIA_TEA

O Centro de Interpretación do río Tea (CITEA) acolleu unha mesa redonda que serviu como presentación do proxecto CON_CIENCIA_TEA, posto en marcha pola concellería de Medio Ambiente de Ponteareas, que dirixe Rosa Covelo.

O obxectivo principal desta xornada foi dar a coñecer nos distintos ámbitos implicados o proxecto CON_CIENCIA_TEA, unha iniciativa de ciencia cidadá cuxo obxectivo

principal é mellorar o coñecemento da Rede Natura 2000 e do hábitat prioritario para a conservación do bosque de ribeira na ZEC Río Tea, así como as especies autóctonas cun grao maior de ameaza, en especial os morcegos forestais, os narcisos endémicos e as especies de libeliñas que teñen no río Tea algunhas das súas escasas poboacións.

Neste encontro presentouse o traballo de investigación do biólogo

Hugo Martínez Cordeiro, realizado sobre os mamíferos do río Tea en base ao fototrampeo. Ademais, as e os participantes visitaron os novos paneis interpretativos interactivos da senda fluvial que vai dende o CITEA ata a Praia Fluvial das Pías, que tratan a importancia dos bosque de ribeira e das principais especies de narcisos, morcegos e libeliñas do espazo natural. Estes traballos teñen sido desenvolvidos pola empresa especializada



Ecoplanin, Xestión e Información Ambiental.

As accións que se desenvolven en torno a este proxecto, financiado con cargo ao Programa de

desenvolvemento rural de Galicia, buscan a participación da cidadanía para a divulgación e conservación do medio natural vinculado ao río Tea.

O Concello de Ponteareas ofrece axuda na tramitación de subvencións

Dende a concellería de Emprego e Formación, que dirixe a socialista Vanesa Fernández, estase a prestar axuda a toda a veciñanza que quere informarse ou saber como tramitar estas subvencións, a través da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

As últimas subvencións que teñen saído son para proxectos de mellora enerxética dirixido a autónomos e Pymes, subvencións para promover o autoemprego e

a actividade emprendedora, así como para o mantemento do autoemprego para as persoas emigrantes retornadas. Tamén destacan as medidas complementarias de apoio a empresas e autónomos pola pandemia da COVID-19, pola que se aproba un procedemento excepcional e temporal durante os exercicios 2021 e 2022 para a concesión de aprazamentos e/ou fraccionamentos do pago de débedas derivadas do reintegro e/ou reembolso de axudas ou de prés-

tamos concedidos pola Administración Xeral do Estado.

Sen dúbida algunha, afirma Vanesa Fernández, "a subvención que está a despertar máis interese na cidadanía é o Programa Renove de electrodomésticos", que pode chegar ser do 25% , 50% ou 75%, do prezo do electrodoméstico. Esta subvención esixe a presentación por medios electrónicos, polo que dende a concellería estanse a poñer todas as facilidades necesarias para poder optar a esta subvención.

Proxecto para vivir o Corpus Christi todo o ano



A Concellería de Promoción Económica do Concello de Ponteareas lidera unha alternativa pioneira en Galicia para crear o primeiro museo a ceo aberto que permita gozar e coñecer máis sobre as alfombras florais do Corpus Christi ponteareán durante todo o ano.

O obxectivo é facer desta festividade un novo referente a nivel tecnolóxico, implicando a grandeza da tradición coas tecnoloxías e incrementando a repercusión destas accións no sector turístico e comercial da vila. O Concello xa expuxo este proxecto á Axencia Galega de Turismo.

A concelleira Eva Gil explica que "con este proxecto, as rúas de Ponteareas terán sinalizados os tramos alfombrados a través de marcadores con códigos QR, para que as persoas que enfoquen co seu móbil a algún dos códigos,

dispoñan dunha información atractiva sobre o punto no que se localizan e poderán visualizar material relativo á festa do Corpus e os deseños das alfombras de anos anteriores, a partir de arquivos multimedia dos que dispón o propio concello".

Ademais, vivírase unha recreación sobre imaxe 360º da rúa, permitindo así á persoa visitante ver cal era o deseño da alfombra nun determinado momento da historia e realizar un percorrido virtual evolutivo da festa.

O Concello avanza tamén na creación dun Punto de Información Turística Dinámico, en funcionamento as 24 horas dos 365 días do ano, e que ofrecerá un mapa automático vía teléfono móbil para guiar ás persoas visitantes dentro dos itinerarios dispoñibles na vila.

O Goberno prevé aprobar no Pleno de maio o PXOM cos cambios esixidos pola Xunta

O Goberno Municipal do BNG e PSOE prevé aprobar no pleno do mes de maio o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) cos cambios esixidos pola Xunta. Será a terceira vez que o goberno de coalición aprobe provisionalmente o PXOM coa intención de que a Xunta lle dea a súa aprobación definitiva. A última aprobación provisional realizouse a finais de 2019 cando no documento se introduciron os cambios esixidos pola Xunta a comezos de 2017. Sen embargo, a administración

autonómica, ao revisar o documento volveu formular numerosas obxeccións e reparos que obrigaron a revisar de novo o documento.

Diante dese novo bloqueio, Concello e Xunta acordaron a comezos de 2020 realizar un traballo coordinado entre os técnicos municipais, a empresa redactora do PXOM e os técnicos da Xunta para que o documento definitivo atendese todas as esixencias da administración autonómica.

O executivo ponteareán e o

equipo redactor do Plan mantiveron unha reunión cos grupos municipais e entregáronlle o novo documento cos cambios esixidos pola Xunta.

Ponteareas ten suspendido o seu planeamento dende o ano 2002. Entre ese ano e o 2015, cando se produciu o cambio de goberno, unicamente se realizou unha aprobación inicial. Dende o 2015, o goberno de coalición aprobou por dúas veces o PXOM, pero a Xunta de Galicia, que ten a última palabra, rexeitouno nas dúas ocasións.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Clausura do curso de lingua de signos

Vinte e oito alumnas recibiron os diplomas do curso de Lingua de signos A1.1, das mans do concelleiro de Lingua, Fernando Groba e dos dous docentes das aulas, Raquel González Novelle e David Fernández García.

O curso de 30 horas desenvolveuse de xeito telepresencial, en dous grupos de 14 persoas, durante marzo e abril. A derradeira sesión celebrouse na Biblioteca Municipal para que as alumnas puidesen coñecerse fisicamente e practicar entre elas os coñecementos adquiridos. Dúas persoas xordomudas foron convidadas para a ocasión.

As participantes mostraron a súa satisfacción polo curso e decatáronse de que existe un gran descoñecemento sobre esta



linguaxe.

“O éxito desta iniciativa aléntanos para intentar ofertar máis cursos de lingua de signos. Para persoas que queiran comezar de cero ou para as que asistiron a este curso e poidan seguir adquirindo coñecementos”, sinala Fernando Groba, ao tempo que

apunta a intención de seguir realizando outras actividades coa comunidade existente no Concello como xa se realizou durante o confinamento co contacontos Felipe ten gripe, que se difundiu a través da páxina de Facebook Cultura e Turismo Ponteareas (@visitponteareas).

As alumnas da especialidade de Atención Sociosanitaria conclúen as súas prácticas

O 30 de abril, remataron satisfactoriamente as prácticas formativas as alumnas da especialidade de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes en domicilios e institucións sociais, do Obradoiro de Emprego “Coidar de Nós II” que leva a cabo a concellería de Emprego e Formación de Ponteareas que dirixe a socialista Vanesa Fernández.

Este obradoiro, que se desenvolve conxuntamente entre o Concello de Ponteareas e o Concello de As Neves, vén de rematar as prácticas formativas no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes de Vigo.



Vanesa Fernández, destaca a importancia de apostar por estes obradoiros que teñen un índice de incorporación ao mercado laboral de máis dun 90 por cento,

e que na súa maioría “permiten ao sector feminino, que é o máis interesado neste obradoiro concreto, unha posibilidade real de inserción no mundo laboral.

Novos cursos de balde da aula CEMIT de Ponteareas

A bre o prazo de inscrición dos novos cursos que oferta a Aula CEMIT de Ponteareas, situada no Centro Social, na rúa Oriente.

Neste mes de maio, a aula CEMIT de Ponteareas ofrecerá cursos de manexo básico de móbil Android e de ordenador e navegación; cursos que serán presenciais e en grupos reducidos. Tamén haberá cursos online de iniciación ao

Wordpress, cursos de deseño gráfico con software libre (Inkscape) e sobre a creación de publicacións na nube (CANVA).

A inscrición nos cursos pode realizarse na lixazón <https://cemit.xunta.gal/gl/centro/59>.

Para información ou suxerencias, por whatsapp no 634 238 962 ou un mail a cemit.ponteareas@xunta.gal.

Inaguración en Santiago da exposición fotográfica “Foto Souto, a retina do Corpus”

A “Asociación de Alfombristas do Corpus Christi de Ponteareas” inaugurou o sábado 8 de maio, no Hotel Oca Puerta del Camino, de Santiago de Compostela, a exposición “Foto Souto, a retina do Corpus” e unha alfombra dedicada ao Camiño de Santiago.

“Ponteareas, la cuna del alfombrismo español”, presenta esta exposición fotográfica, que recolle 75 anos das alfombras florais, e amosa as imaxes captadas por tres xeracións de fotógrafos de esta vila. As imaxes expostas achégannos a visión dos fotógrafos, de como o pobo de Ponteareas elabora as alfombras para o paso do Santísimo, dende hai máis de douscentos anos. Son imaxes dun gran valor sentimental porque nos reviven eses traballos efímeros de anos anteriores e nos recordan ás persoas que nelas colaboraron.



Cando falta menos dun mes para esta celebración anual, a Asociación de Alfombristas, continúa co labor de difusión da Festa do Corpus Christi de Ponteareas, declarada de “Interese Turístico Internacional”.

A exposición estará aberta ao público ata o vindeiro 6 de xuño, data na que se celebra a festa en Ponteareas.

Obras de mellora en vías da parroquia de Padróns

A Concelleira socialista de Vías e Obras, Chus Garrote está a executar obras na vía de Cortellas que vai do barrio da Cova á Cañoteira e á mellora da pavimentación da vía de acceso principal ao barrio de Chan da Gándara, en Padróns.

No caso da vía de Cortellas trátase de dar servizo ás preto de dez vivendas, xa que a día de hoxe nin unha ambulancia nin un camión de bombeiros pode acceder ás mesmas polo camiño. O proxecto de ampliación e mellora da vía fora aprobado no ano 2018 por un importe de 144.884,12 euros e agora xa obtidas as autorizacións e modificacións requiridas por Patrimonio da Xunta de Galicia estase a executar por un importe total de 168.438,28 euros.

En canto a obra do acceso a Chán da Gándara, Garrote reuniuse cos veciños e veciñas para informarles do comezo inminente das obras e da posibilidade de asfaltar algunha outra vía de acceso á vía principal debido a unha baixa que se produciu na adxudicación do contrato. “Son os veciños e veciñas os que coñecen mellor que ninguén as necesidades da parroquia e traballamos coa máxima celeridade”, afirma a concelleira.

Esta obra, financiada con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, adxudicouse por un importe de 52.632,83 euros e o prazo de execución será dun mes. Despois da limpeza de cunetas e de firme xa están traballando na capa de rodaxe.

PONTEAREAS

Ponteareas negocia coa Xunta un acordo sobre a Estación de Autobuses

O Concello de Ponteareas valorou positivamente o estado das negociacións coa Xunta de Galicia para abordar a rehabilitación do edificio da Estación de Autobuses e a concesión da explotación do servizo.

Na última reunión celebrada, á que asistiron a alcaldesa en funcións Cristina Fdez. Davila, o concelleiro de Mobilidade, Roberto Mera e a tenente de alcalde, Chus Garrote, avanzouse "na boa dirección, aínda que quedan bastantes aspectos por clarificar e negociar", matizou Mera, quen salientou que "só será posíbel un acordo se beneficia aos intereses de Ponteareas".

Segundo o concelleiro de Mobilidade e Tráfico, inicialmente a Xunta contemplaba só acondicionar aspectos básicos do edificio, mellorando o seu illamento e renovando instalacións. A petición do Concello, o proxecto ampliouse para que a Estación sexa tamén un edificio con oficinas para servizos municipais.

A Xunta pretende que o Concello achegue 375.000 euros, que repre-

sentan o 70% do custo dunha obra a executar nun edificio de titularidade autonómica. Mera lembra que "existe un compromiso da Xunta de compensar os gastos da Estación asumidos polo Concello na última década por un servizo que é autonómico". O goberno local cifra esa débeda nuns 150.000 euros e estaría disposto a achegar outros 150.000 euros, facendo así unha achega de 300.000 euros, a metade pola vía de compensación. Ademais, lembra que o edificio contará con prestacións en materia enerxética derivadas de investimentos municipais coma a rede de calor ou o proxecto de instalación fotovoltaica.

Mera explicou que "o Concello só poderá decidir se asume de novo a xestión deste servizo autonómico cando a Xunta nos presente o estudo de viabilidade da explotación da Estación e se demostra que non será deficitario. Do contrario, non asumiremos competencias doutras administracións que causen perdas económicas, como xa acontece coa Escola Infantil ou o Conservatorio de Música".

Xosé Represas deixa a alcaldía de Ponteareas por motivos de saúde

"Foi un orgullo ser alcalde de Ponteareas"

Con estas palabras lidas pola súa sucesora no cargo, Cristina Fernández, despedíase Xosé Represas do concello de Ponteareas.

No pleno extraordinario do luns 10 de maio, Xosé Represas renunciou ao seu cargo por motivos de saúde. "Foi todo un orgullo ser o alcalde de Ponteareas. Manifesto o meu agradecemento polo enorme respaldo veciñal recibido na candidatura de 2019. Durante este tempo intentei devolver esa confianza co mesmo esforzo e dedicación, pero os evidentes motivos de saúde non me permiten completar o mandato. Podo asegurar que fixen todo o que puiden. Ata sempre".

Todos os grupos municipais recoñeceron á persoa de Xosé Represas. O BNG destacou "a súa dedicación, tesón, consenso, xenerosidade, intelixencia e valentía política". Dende o PSOE, agradeceron a súa capacidade para chegar a acordos, e a súa actitude como socio leal de goberno. O PP lamentou os motivos da renuncia e ACiP destacou o seu labor como alcalde.

Xosé represas foi edil en Ponteareas dende 2007, e exerceu como alcalde dende 2015.



ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

 **Funeraria Porto**
SERVICIOS FUNERARIOS
Telf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955 y 649 376 959
PONTEAREAS - Pontevedra

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

 **INMOBILIARIA MERCA VENDA**
Casas Locales Fincas Pisos
Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

 **GALICIA NA SEÑORA**
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR
Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti
Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

Ponteareas modernizará o seu Mercado Municipal cunha reforma integral e a humanización do seu entorno

A alcaldesa de Ponteareas en funcións, Cristina Fdez. Davila e a concelleira de Promoción Económica, a nacionalista Eva Gil, presentaron o anteproxecto de reforma arquitectónica e rehabilitación integral do Mercado Municipal e humanización do seu entorno, nunha reunión con representantes dos praceiros e praceiras.

O anteproxecto está precedido dun estudo realizado hai máis dun ano no que se analizou a potencialidade do Mercado, os seus problemas e as melloras que se debían introducir para dar viabilidade ao futuro deste centro comercial municipal que precisa modernizarse para adaptarse aos novos tempos. O estudo concluíu que a Praza de Abastos ten un grandísimo potencial pola súa localización céntrica, amplas instalacións e a tradición de consumo, especialmente do peixe como produto estrela, ao que agora se suman outros negocios que apostan polo produto local. A isto débese engadir a existencia en

Ponteareas dun amplo sector de poboación nova, interesada na gastronomía e na saúde alimentaria, que demanda produto de calidade e local que pode ser ofertado na Praza de Abastos. Para converter o Mercado nun espazo comercial moderno e atractivo redactouse o anteproxecto de reforma arquitectónica agora presentado.

Segundo a alcaldesa en funcións, Cristina Fdez. Davila, “trátase dunha ambiciosa proposta de reforma integral do edificio, que implica a redistribución e mellora da calidade dos espazos interiores actualizando os seus servizos para transformar a Praza de Abastos nun lugar atractivo e agradábel ao que ir mercar e traballar, habilitando ademais un aparcadoiro na planta baixa da edificación”. Para iso, prevese a utilización de novos materiais máis cálidos, unha substancial mellora da iluminación natural e a recuperación do edificio orixinal, incluída a súa cuberta, que sufriu deterioro e modificacións importantes e negativas ao longo

de décadas.

Para a concelleira de Promoción Económica, Eva Gil, “un dos aspectos máis novidosos da proposta é que, ademais da reforma do edificio, se contempla a humanización de todo o seu entorno, abrindo o Mercado Municipal cara o parque da Perillana, para que se converta nun punto de conexión atractivo entre a zona antiga de Ponteareas e a zona máis nova de Avenida de Castelao e arredores”.

Na proposta, os laterais exteriores do Mercado, actualmente degradados e cun aspecto deplorable, refórmanse para convertelos en lugares agradábeis de estancia das persoas con actividades hostaleiras e comerciais e corredores que se poden empregar como zonas de paso para desprazarse comodamente dende A Perillana cara o centro da vila. Estas actuacións, unidas á humanización da Praza Doutor Fernández Vega executada o pasado ano, converterán o Mercado Municipal nun punto neuráxico do centro urbano como lugar de compras, espalla-



mento e ocio para a veciñanza.

A proposta, que segundo Eva Gil “marcará un antes e un despois para o Mercado e o seu entorno”, encádrase no obxectivo global de mellora da vila de Pon-

teareas, que contempla obras xa en execución e novos proxectos de humanización para converter a localidade nun exemplo de vila saudábel con elevada calidade de vida.

COMERCIO LOCAL DE PONTEAREAS

DESCUBRE OS NÓSOS ESTABELECIMENTOS E DESFRUTA DOS NÓSOS PRODUTOS

<https://escaparate.ponteareas.gal>

PONTEAREAS
CONCELLO